

**PROXECTO DE DOCUMENTACIÓN E DIAGNOSE PARA A
CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA ESTACIÓN
RUPESTRE DE GURITA I (BAROÑA, PORTO DO SON).**

MEMORIA FINAL

Carlos C. Rodríguez Rellán

GEPN

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PA Arqueólogos S.L.

ÍNDICE

1. **Introducción**
2. **Persoal implicado na realización do proxecto**
3. **Estado inicial do xacemento**
4. **Traballos realizados e resultados obtidos**
 - 4.1. **Limpeza do contorno inmediato dos gravados, remoción do sedimento e exploración das pedras circundantes.**
 - 4.2. **Calco do panel e revisión do conxunto iconográfico xa coñecido.**
5. **Elementos compositivos, estilísticos e iconográficos no Conxunto I do Monte da Gurita.** *Jorge Guitián Castromil e Xoán Guitián Rivera.*
6. **Diagnosis, riscos de alteración y propostas para la conservación del conjunto rupestre de Gurita (Porto do Son, A Coruña).** *Fernando Carrera Ramírez.*
 - 6.1. **Descrición del entorno.**
 - 6.2. **Descrición del afloramiento.**
 - 6.3. **Diagnosis del afloramiento grabado.**
 - 6.4. **Riscos y propostas de actuación.**
 - 6.5. **Actuaciones sugeridas.**

Anexo I: Calco da Estación de Gurita I.

Anexo II: Levantamento topográfico e elaboración da MDT da Estación de Gurita I. *Manuel*

A. Franco Fernández.

1. Introducción.

Na presente memoria descríbense de maneira sintética os traballos realizados e os resultados obtidos nas labores de limpeza, documentación e diagnose efectuadas do 20 de Novembro ó 3 de Decembro de 2007 na estación rupestre de Gurita I (GA15071047), situada no lugar de Igrexa (San Pedro de Baroña, Concello de Porto do Son), no extremo setentrional da Península do Barbanza.

Dita memoria contén toda a documentación que se esixe no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma Galega, para a obtención dunha autorización de prospección arqueolóxica. A actuación realizarase de acordo co establecido no presente proxecto, seguindo ademais aquelas condicións que puideran ser establecidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia en virtude do disposto no artigo 61.3 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

O obxectivo desta intervención consistía en realizar unha actuación superficial no contorno inmediato da rocha con gravados, procedendo á súa limpeza co fin de delimitar a superficie total da estación, a posterior realización dun estudio no que se exporán de maneira pormenorizada todos aqueles aspectos puramente artísticos e/ou arqueolóxicos, e a elaboración dunha carta de riscos da que se derivará, nunha segunda fase, unha proposta de actuación coas medidas de consolidación e musealización a realizar no futuro.

Ditos obxectivos poden resumirse principalmente en tres puntos:

- Coñecemento integral da rochas e do motivos nela gravados.
- Análise arqueolóxica do contorno inmediato dos petroglifos.

Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor da estación rupestre de Gurita I

- Determinación das alteracións e definición dunha carta de riscos que axude a establecer as liñas mestras para posteriores intervencións de consolidación/recuperación.

A realización das labores de campo cuxa descrición se efectúa máis adiante, así como os posteriores estudos, se fixo en colaboración coa empresa de arqueoloxía P&A Arqueólogos, S.L.

2. Persoal implicado na realización do proxecto.

O persoal participante na execución dos traballos descritos foi o que a continuación se relaciona:

Director da actuación: Carlos Rodríguez Rellán

Equipo Técnico:

Ramón Fábregas Valcarce

Andrés Bonilla Rodríguez

Mario César Vila

Nieves Veiga López

María José Alles León

Víctor Vázquez Domínguez

Equipo Asesor:

Isabel Villaverde Barreiro

Jorge Guitián Castromil

Xoán Guitián Rivera

Fernando Carrera Ramírez

Manuel A. Franco Fernández

Colaboradores:

Francisco Javier Pérez Ramallo

Irene Valverde Tejedor


Lidia Vázquez Filgueira

Francisco David Vidal Avuete

Benito Vilas Estévez

**Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor da estación
rupestre de Gurita I**

Santiago, 24 de Marzo de 2008

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Asdo: Carlos C. Rodríguez Rellán
Arqueólogo

3. Estado inicial do xacemento.

Os gravados localízanse no tramo superior da ladeira meridional do Monte de Gurita, nunha zona, na parte N. da Península do Barbanza, que se ten amosado coma un núcleo de especial concentración de estacións con arte rupestre prehistórica.




Figura 1. Vista xeral do emprazamento dos gravados.

Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor da estación rupestre de Gurita I



Figura 2. Estado inicial do afloramento que serve como soporte para os gravados.

A zona na que se ubica a estación enmárcase dentro dunha área xeográfica ben delimitada e consolidada como é a da Península do Barbanza. Esta atópase situada entre as rías de Arousa (ó Sur) e a de Muros-Noia (ó Norte), constituíndo a máis septentrional das penínsulas que se insiren nas Rías Baixas. Morfolóxicamente pode ser dividida en dúas grandes unidades que definen dous espazos de unha enorme variabilidade bioxeográfica: a serra e a costa. A serra constitúe un núcleo montañoso escasamente poboado, na actualidade localizado no corazón de dita comarca, cuxa altitude media se sitúa en torno ós 550 m., servindo de divisoria de augas entre as rías de Arousa e Muros-Noia.

A área concreta na que se atopa a estación de Gurita I, na falda meridional do monte do mesmo nome presentaba, nos momentos anteriores a esta intervención, un aspecto xeral

de abandono. O derradeiro dos lumes forestais que afectaron a este lugar, que tivo lugar no verán do 2006, eliminou a plantación de piñeiros existente na zona así como a densa cobertura vexetal, composta por monte baixo a base de toxos, carqueixas e diversas herbáceas.

A acción dos lumes forestais afectou tamén á pedra que serve de soporte ós gravados prehistóricos, provocando unha grave alteración que implicou a destrución de parte do panel e dos motivos. Asemesmo, a erosión provocada pola destrución da cobertura vexetal acelerou os xa de por sí importantes procesos erosivos existentes na ladeira do monte, provocando que pequenas correntes de auga con partículas en suspensión circularan por enriba da estación, depositándose unha parte das mesmas na parte inferior da rocha onde, debido a construción dunha senda por parte dos canteiros existe unha pequena represa, onde se observaba unha importante acumulación de sedimentos presumiblemente de idade recente que podían estar ocultando parcialmente a rocha.


4. Traballos realizados e resultados obtidos.

4.1. Limpeza do contorno inmediato dos gravados, remoción do sedimento e exploración das pedras circundantes.

O primeiro paso a realizar no marco da intervención na estación de Gurita I consistiu na limpeza da rocha con gravados e do seu contorno inmediato da vexetación de monte alto que cubre toda a zona, así como dos materiais depositados en torno ó afloramento, a fin de comprobar a existencia de posibles motivos, ocultos pola vexetación ou os sedimentos acumulados.



Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor da estación rupestre de Gurita I



Figuras 3 e 4. Vistas do afloramento dende os extremos N e S, unha vez concluídos os traballos de limpeza.

Con unhas dimensións iniciais de 8 m. de lonxitude en sentido E-L e 3,5 m. en dirección N-S; concluídos os traballos, quedou ó descuberto unha superficie de rocha de 12 e 6 m. respectivamente, documentándose na súa base unha estratigrafía consistente nun nivel de terra vexetal de 40 cm. de potencia misturada con restos de canteiría tradicional, o que nos levou a desbotar a posibilidade de obter unha columna estratigráfica con fins arqueolóxicos e paleoambientais.

Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor da estación rupestre de Gurita I



Figura 5. Perfil estratigráfico obtido na base do afloramento.

As labores de extracción de pedra teñen afectado ó afloramento nos seus laterais e zona superior, desgaxando do mesmo grandes bloques de granito, ate configurar o trazado rectilíneo dos seus flancos, actualmente visible.




Figura 6. Sinais de extracción de pedra no lateral N. do afloramento.

4.2. Calco do panel e revisión do conxunto iconográfico xa coñecido.

Para incrementar o coñecemento arqueolóxico sobre este conxunto de gravados, resultaba fundamental a revisión do repertorio dos motivos existentes mediante a realización de calcos que, neste caso concreto, contaban co traballo realizado hai uns anos por J. Costas e A. de la Peña, que agora procedimos a revisar e, no seu caso, completar (ver Anexo I).



Figura 7. Análise nocturna da rocha mediante focos halóxenos.

Os calcos realizáronse unha vez estiveron limpos de maleza e sedimento tanto a superficie dos paneis coma o seu contorno inmediato. Como primeiro paso, efectuáronse inspeccións visuais do panel en distintos momentos do día, a fin de aproveitar a incidencia

do sol dende distintos ángulos, fundamental para unha correcta visión dos gravados. Durante este proceso anotáronse e remarcáronse aquelas zonas e motivos de especial interese. Nun segundo momento, procedeuse á análise nouturna mediante focos halóxenos de gran potencia que, mediante luz dirixida e rasante, permitiron determinar a existencia de novos motivos e axudaron a dilucidar as dúbidas existentes en aqueles sectores que, polo seu nivel de erosión, resultaban máis dificultosos. Neste momento realizáronse as principais anotacións e remarcáronse os motivos que posteriormente, xa con luz de día, foron calcados.



Figura 8. Aspecto do panel iluminado con luz halóxena.

Para o calco, superpúxose ó panel unha fina película de plástico de poliuretano transparente, sobre a que se plasmaron os motivos remarcados anteriormente. Unha vez concluída esta labor, procedeuse a dixitalización no laboratorio dos calcos obtidos.

Un último paso, consistiu no levantamento microtopográfico do afloramento no que se sitúa o panel mediante estación total, o que permitiu elaborar un modelo tridimensional deste e do seu contorno inmediato no que logo se incluíu o calco previamente realizado, de tal maneira que se obtivo un modelo virtual e tridimensional dos petroglifos (ver Anexo II) que permitirá apreciar de maneira realista os gravados e que posteriormente poderá ser empregado como material audiovisual nas actividades de difusión.

5. Elementos compositivos, estilísticos e iconográficos no Conxunto I do Monte da Gurita.

Jorge Guitián Castromil

Xoán Guitián Rivera

Desde a súa primeira publicación, no ano 2000, por parte de Manuel Mariño del Río, o conxunto sonense de Monte da Gurita ven poñendo de manifesto a súa importancia, tanto cualitativa como cuantitativa, non so ó nivel da zona do Barbanza ou da provincia, senón que, logo dos últimos estudos, tense convertido nunha estazón senlleira en moitos aspectos, algúns dos cales serán analisados de seguido.

Nun primeiro achegamento visual o conxunto amosa un aspecto caótico, no que as figuras aparecen espalladas pola superficie da rocha dun xeito aparentemente aleatorio. Máis de corenta representazóns de zoomorfos, diferentes motivos aproximadamente circulares, un motivo heliomorfo anómalo no catálogo da arte rupestre e moitas outras imaxes de difícil interpretación debido ó grao de erosión da superficie configuran un conxunto complexo e de difícil lectura no que, malia todo o anteriormente exposto, pódense ir entresacando algúns elementos que, se ben non permiten unha análise iconográfica en profundidade, aportan algo de luz sobre aspectos concretos e permiten establecer algúns parámetros de carácter xeral.

Como sinalabamos, unha primeira característica que chama a atención no conxunto é o seu aspecto desordeado. Trátase dunha característica que, neste caso, aparece suliñada por unha certa sensación de *horror vacui*, especialmente patente nos dous tercios superiores do

panel, que sen deixar de ser unha característica habitual dun número importante de estazóns semellantes, resulta nesta ocasión especialmente salientable.

Dentro deste amoreamento aparentemente desordeado, compre, en calquera caso, buscar elementos, parámetros compositivos ou iconográficos que nos permitan establecer unha orde sobre a que abordar a análise. Nunha observación máis detallada do conxunto podemos constatar unha certa sensación de unidade. O tipo de trazo empregado no deseño das figuras, a práctica ausencia de superposicións e un certo esquema compositivo unitario, parecen evidenciar un único momento para a orixe do conxunto que tería sido concibido orixinalmente tal e como chegou a nós ou, se acaso, con pequenas modificacións. Entre estas compre salientar a extracción de pedra en determinados sectores da rocha, o que puido ocasionar a perda de parte dos motivos gravados e, xa que logo, estar a viciar a nosa percepción actual da composición.

A un nivel puramente compositivo o conxunto, por baixo dese aparente caos inicial, semella estar rexido por un esquema identificable. Se analizamos a distribución dos motivos na superficie, a orientación dos mesmos, os posibles agrupamentos e os centros de atención prioritaria veremos que, contra o que pode desprenderse dunha primeira aproximación superficial, semella existir un fondo sentido de conxunto, unha composición unitaria.

Así, se atendemos á colocación das figuras na composición, nomeadamente á dos zoomorfos, veremos como aproximadamente a metade deles están orientados cara o oeste (23), mentres o resto (17) aparecen orientados cara ó leste, cunha única excepción orientada aproximadamente cara ó norte-nordés. Temos, xa que logo, unha distribución homoxénea da orientación dos motivos, cun moi lixeiro predominio dos que aparecen orientados cara o oeste feito que, en calquera caso, non entra en conflito coa orientación do panel dentro do

pequeno val no que se atopa.

Compre salientar tamén que, á marxe desta primeira apreciación e coa salvedade do zoomorfo orientado cara o nordés, tódolos motivos zoomorfos aparecen cunha mesma liña imaxinaria de base que coincide, ademáis, coa orientación da rocha. É dicir, os zoomorfos aparecen coas extremidades cara á parte baixa da rocha, tal como si foran representados en tránsito ou situados na ladeira. Este feito, que non supón en si mesmo nada salientable, xa que é o habitual neste tipo de superficies gravadas situadas nunha ladeira e cunha

inclinación importante, ven marcar, en certa medida, un punto de visión prioritario para a apreciación do conxunto que estaría situado na base do mesmo, de xeito que quen visualizara os gravados desde a zona de paso no fondo da valgada, tería un punto de vista privilexiado.

Continuando coa identificación do esquema compositivo que rixe a representación veremos como, nunha lectura en rexistros horizontais, é posible subdividir a superficie insculturadas en tres grandes zonas.




Figura 1. División da composición en sectores. Nótese o emprego das diaclásas como liñas divisorias.

A primeira delas, que ocupa todo o sector superior da rocha ata a segunda diaclasa vertical que atravesa a superficie, presenta un conxunto de zoomorfos desigualmente repartidos polo seu espazo, cun claro dominio da zona que aparece entre as dúas diaclasas que, deste xeito, aparecería como un primeiro centro de atención prioritaria na composición e na que, ademáis, se localiza unha pequena combinación circular.

O segundo rexistro, situado na zona central do conxunto, desenvolveríase entre a gran diaclasa citada e o motivo heliomorfo. Trátase do sector menos densamente ocupado pero, unha vez máis, é posible identificar un centro de atención prioritaria, nesta ocasión centrado na liña curva discontinua que semella pechar no seu interior varias representacións de cérvidos.

O sector situado por baixo do heliomorfo ficaría, segundo este esquema, como terceiro sector compositivo no que o gran cérvido macho arrodeado de non-machos (a falta de maiores elementos de xuízo resistímonos a facer unha identificación de femias ou crías) semella formar unha sub-escena dentro da composición constituíndose, deste xeito, como terceiro foco de atención prioritaria.

Centrándonos xa na análise dos motivos veremos como, nos casos nos que aparece unha figura curva (combinación circular, liña curva con coviñas no interior, liña curva discontinua) hai sempre unha representación de cérvido orientada cara ela e, máis en concreto, cara á posible zona de acceso ó interior nos casos nos que a liña aparece aberta. Descoñecemos as posibles implicacións deste tipo de asociación, polo que non entraremos en hipóteses explicativas limitándonos a sinalar o dato, que se repite en tres das catro figuras circulares ou pseudo-circulares (coa excepción do heliomorfo). Neste mesmo senso compre sinalar cómo na gran figura curva do sector central os catro cérvidos que aparecen

no seu interior (todos eles non-machos) así como os tres que aparecen na súa contorna máis inmediata presentan unha mesma orientación cara o leste. Tal vez poderíamos falar, cos datos anteriormente expostos, dunha unidade compositiva, dunha nova sub-escena, aínda que ante a ausencia de máis datos preferimos deixar as interpretacións á marxe centrándonos na análise formal.



Figura 2. Asociación zoomorfo – figura circular no sector superior do conxunto.

Iconográficamente, as representacións de zoomorfos presentan tamén un enorme interese. Atopámonos ante a única estazón de toda a comarca do Barbanza na que conviven nunha mesma composición, ademáis, de aspecto unitario, tódolos tipos de representacións zoomorfas que se teñen identificado na zona, ademáis de varias figuras de carácter híbrido. Tal diversidade resulta anómala na zona e ata certo punto desconcertante, xa que non resulta posible aventurar se é debida á presenza de varios gravadores ou a motivos compositivos que hoxe descoñecemos. Resulta imprescindible, en calquera caso, salientalo como unha das características fundamentais do conxunto.




Figura 3. Representación esquemática dos tipos de zoomorfos representados nos conxuntos da Serra do Barbanza. (Guitián e Guitián, 2001).

Así atopamos desde figuras de factura eminentemente esquemática, semellantes ó tipo de zoomorfos presentes en conxuntos cercanos como o de Pozos da Garda, a outras de aparencia menos angulosa, relacionables co tipo de cérvidos máis habitual nas estazóns da zona de Queiruga-Caamaño e todo tipo de solucións de carácter híbrido.

Igualmente, no zoomorfo que aparece nas Figs.4 e 5 podemos identificar a metade dianteira do que parece ser unha representación moi semellante ás presentes nun dos conxuntos de Monte dos Feáns e que é un bo expoñente do Tipo IV de representacións zoomorfas identificadas na comarca (ver Fig. 3), á que no seu momento denominamos Tipo Barbanza. Trátase dun tipo de figuras nas que corpo, pescozo e cabeza aparecen trazados cunha liña única á que se adicionan as extremidades, polo xeral simples trazos en diagonal que dotan á figura dunha certa sensación de dinamismo. Igualmente, a representación da cornamenta limitase a dous únicos trazos, en ocasións, como ocorre neste conxunto,

rematados por unha pequena coviña ou ancheamento. Trátase, polo xeral, de figuras dun aspecto bastante tosco, lonxe da estilización e do dominio dos recursos que apreciamos noutros tipos de zoomorfos.



Figura 4. Superposición de zoomorfos no sector superior do conxunto.

Lamentablemente, a única superposición de figuras de toda a composición atópase neste sector, polo que non resulta posible unha lectura clara da parte traseira da representación e, xa que logo, non podemos atribuír con fiabilidade o motivo ó tipo sinalado. Compre indicar, en calquera caso, que a parte visible do motivo permítenos afirmar que, ou ben nos atopamos fronte a unha representación do Tipo Barbanza – Tipo IV (a segunda no territorio sonense e a terceira nesta vertente da serra se temos en conta os desaparecidos gravados de Axeitos (Ribeira), o que da máis sentido á denominación que propuxemos no ano 2001 en substitución da de Tipo Arousa) ou, no seu defecto, fronte a unha representación híbrida completamente novidosa no catálogo de motivos, representación que

combinaría elementos deste tipo compositivo con outros que, debido á mencionada superposición, non podemos detallar. Non podemos deixar de sinalar, en relación con este motivo, que se trata do único cervido do panel que presenta as extremidades en posición dinámica, fronte ó estatismo dominante no resto das representazóns, feito que xa de por si establece unha diferenciación desta figura respecto ó resto das representazóns.





Figura 5. Posible zoomorfo “tipo Barbanza” ou híbrido do sector superior do conxunto.

Nótese o dinamismo da representación, en contraposición co carácter estático da meirande parte das representazóns do conxunto.

Outro aspecto no que compre deterse, aínda que sexa brevemente e tan só para indicar unha posible liña de estudo de cara ó futuro, é o da identificación dos animais representados. Non falamos aquí tanto da identificación da especie concreta, sempre complexa dado o esquematismo das figuras, como de diferentes estadios no desenvolvemento dos animais. Deste xeito, naquelas representazóns de cévidos con cornamenta que se identifican como exemplares macho semella poder avanzarse un pouco máis, xa que no conxunto da Gurita sería posible identificar diferentes fases do

desenvolvemento destes animais ata chegar á madurez sexual. Así, os animais que presentan a cornamenta representada cun único trazo sen ramificacións poderían ser entendidos como crías; aqueles outros que presentan unha única ramificación na parte superior da cornamenta serían representacións de cérvidos nunha primeira fase de desenvolvemento pero que non acadaron a madurez plena e aqueles outros con corna desenvolvida e ramificada serían exemplares macho adultos. Trátase dun apunte que non resulta de especial transcendencia para a análise do conxunto a un nivel compositivo pero que permite afondar algo máis na identificación daquelas representacións que habitualmente identificamos como “non-machos” ou, no caso de telas identificado como machos, permítenos precisar algo máis sobre o seu estadio de desenvolvemento. Non é intención destas notas entrar nas posibles implicacións que esta diferenciación de estadios puidera ter á hora de facer unha lectura significativa do conxunto, aínda que pensamos que abre interesantes posibilidades de traballo de cara ó futuro.



Figuras 6 e 7. Posibles representacións de diferentes estadios de desenvolvementos de cérvidos macho.

Igualmente, a observación das representacións de cérvidos e a súa equiparación con estudos de carácter etolóxico permiten aventurar unha nova hipótese explicativa. No caso da pequena figura que aparece no tercio superior (Fig.2), orientada cara a figura circular, poderíamos atoparnos fronte á representación dunha femia. A ausencia de cornamenta desenvolvida pero, sobre todo, a representación da cola ergueita podería estar a indicar a fase receptiva do celo dun exemplar deste sexo. Non parece casual que sexan practicamente sempre este tipo de zoomorfos sen cornamenta desenvolvida os que presentan a cola nesta posición, en contraposición cos grandes machos de corna ramificada. Unha vez máis evitamos entrar nunha análise para a que non contamos con datos abondo e apuntamos esta hipótese unicamente como posible liña de traballo a seguir no futuro no estudo desta e outras estazóns.

Iconográficamente, compre salientar a presenza no conxunto dun elemento pouco habitual. A figura aproximadamente circular con sucos radiais exteriores que tradicionalmente se ven identificando como un soliforme ou heliomorfo. Resulta, com xa temos apuntado con anterioridade, complexo abordar unha identificación do representado por este motivo que, en calquera caso, resulta moi semellante ás formas nas que habitualmente se trazan representacións solares esquematizadas na actualidade. No quere isto dicir que asumamos que a devandita figura fora deseñada como un símbolo solar. A súa excepcionalidade, a súa inserción nun conxunto complexo e a falta de paralelos impídenos pronunciarnos ó respecto, se ben compre salientar o seu papel de centro de atención de relativa entidade dentro do sector central da rocha.

Temos, xa que logo, unha composición complexa e aparentemente unitaria na que, baixo unha aparencia caótica, parece poder identificarse unha certa orde compositiva. As figuras zoomorfas aparecen representadas cunha mesma liña de base (agás nun caso),

orientadas maioritariamente cara ó exterior da superficie gravada e repartidas dun xeito aproximadamente homoxéneo polos tres sectores compositivos do panel. Estes tres sectores, estratificados en vertical dentro da superficie, contan, ó mesmo tempo, con composicións semellantes baseadas na presenza dun número importante de zoomorfos (sempre entre 10 e 16) e algún elemento que se constitúe en centro de atención privilexiado nese sector e que é, habitualmente, unha figura circular ou unha liña curva que parece formar parte dunha escea xunto con algunhas das representazóns zoomorfas. Só no tercio inferior este papel de centro de atención prioritario parece ser desenvolvido por unha escea de comportamento animal, na que varias femias ou crías aparecen rodeando a un exemplar macho orientado no sentido inverso.




Figura 8. Escea de comportamento animal no sector inferior do panel.

A identificación dun eixo vertical de simetría, que separa números case iguais de representazóns, e a ubicación das figuras no panel, falan dunha composición unitaria desenvolvida probablemente nunha única etapa cronolóxica. A existencia de diferentes modelos iconográficos para a representazón de zoomorfos introduce, en todo caso, algún factor de dúbida arredor da posibilidade de que o conxunto fora realizado por diferentes mans, se ben estas diferenzas poden igualmente responder a cuestións significativas que non estamos en condicións de abordar na actualidade.

Se a tódalas cuestións anteriores lles unimos a excepcionalidade de certos motivos presentes na composición e a importancia relativa do conxunto temos que rematar salientando, unha vez máis, a importancia da estación de Monte da Gurita, tanto cualitativa como cuantitativa, non só dentro da arte rupestre da Serra do Barbanza senón mesmo no conxunto da arte rupestre galega.

Bibliografía:

GUITIÁN CASTROMIL, J. e GUITIÁN RIVERA, X. (2001) *Arte Rupestre do Barbanza*. Noia. Ed. Toxosoutos.

MARIÑO DEL RÍO, M. (2000) *Os Petroglifos de Porto do Son*. Concello de Porto do Son.



ESCOLA • SUPERIOR
DE • CONSERVACION
E • RESTAURACION
DE • BENS • CULTURAIS
DE • GALICIA

DIAGNOSIS, RIESGOS DE ALTERACIÓN Y PROPUESTAS PARA LA CONSERVACIÓN DEL CONJUNTO RUPESTRE DE A GURITA (PORTO DO SON, A CORUÑA)


Fernando Carrera Ramírez


Se presenta a continuación una estimación del estado de conservación del yacimiento prehistórico de A Gurita, así como las causas de esa situación, los riesgos de que la alteración persista y algunas sugerencias para la resolución de esos problemas. Dichas sugerencias no pretenden alcanzar el carácter de proyecto de ejecución, sin superar el mero listado de ideas sobre las que elaborarlo posteriormente. Este trabajo forma parte de otro más amplio de documentación y estudio, por lo que en estas páginas no se abordará el estudio iconográfico y arqueológico del sitio.

DESCRIPCIÓN DEL ENTORNO

El yacimiento está catalogado por la Xunta de Galicia con la clave de identificación GA 15071047. El yacimiento se encuentra muy cercano a la Iglesia de Baroña y su localización y acceso resulta muy sencillo. Se llega hasta él desde una carretera asfaltada (a menos de 100 m) y finalmente, por un sendero levemente marcado (figura 1).

No existe ningún tipo de señalización que facilite el acceso, indique la localización del sitio o



-  Forestal (replacación) eucalipto y pino
-  Inculto, arbustos, sin mantenimiento
-  Pistas y carreteras asfaltadas
-  Sendero / afloramiento grabado

Feb 2008	A GURITA
Fig.1	Entorno

aporte información cultural alguna. Tampoco hemos identificado información en la *página web* del Concello de Porto do Son, aunque da la impresión de que dicha página está precisamente en elaboración. Desconocemos el número de visitas, aunque suponemos que no será acusado, limitándose a aficionados y expertos.

El yacimiento tiene una ubicación característica en ladera, en este caso de acusada pendiente (lámina 1). No hay cursos superficiales de agua en el entorno inmediato, aunque sobre el afloramiento circula el agua de escorrentía que desciende por la ladera. Esta agua se encharca en las zonas bajas, especialmente en las generadas a partir de las excavaciones realizadas en 2007.

Lámina 1. Aspecto actual del entorno inmediato al yacimiento

